A crise política de Porto Rico

Description

O feito de que a situación aínda colonial existente entre Porto Rico e EUA está en crise é unha realidade que ven manifestándose fai algún tempo. En 2003 evidenciouse esta situación coa saída da Mariña de Guerra de EUA da illa-municipio de Vieques e da súa última gran base no territorio non incorporado de Porto Rico: Roosevelt Roads. Con isto, Porto Rico perdeu gran parte da importancia xeopolítica y estratéxico-militar que tivo no pasado para EUA.

O feito de que a situación aínda colonial existente entre Porto Rico e EUA está en crise é unha realidade que ven manifestándose fai algún tempo. En 2003 evidenciouse esta situación coa saída da Mariña de Guerra de EUA da illa-municipio de Vieques e da súa última gran base no territorio non incorporado de Porto Rico: Roosevelt Roads. Con isto, Porto Rico perdeu gran parte da importancia xeopolítica y estratéxico-militar que tivo no pasado para EUA.

As causas acumuladas da crise polític

O propio arranxo neo-colonial de 1952, denominado “estado libre asociado”, entrou en crise tanto polo aspecto económico como político. No económico, aínda que a dependencia en axudas de EUA é notable nunha illa co 49% da súa poboación baixo o nivel de pobreza, segundo contabilízase na metrópoli, a productividade da economía portorriqueña descendeu. Dende a crise económica de 2008 ata 2019 son mais de dez anos de decrecemento económico. Ten sido unha recesión que podería cualificarse de depresión, sobre todo cando a economía estadounidense —e noutros países do mundo desenvolvido— estiverase recuperando.

Unha das causas da crise económica continuada é que o Congreso estadounidense suspendeu os beneficios contributivos a empresas estadounidenses que investiran en Porto Rico baixo a sección 936 do Código de Rendas Internas de EUA. Con isto, a producción industrial en Porto Rico veuse contraíndo continuamente desde 2011, algo agravado pola crise política actual. Por outra banda, a economía da illa fixo crise cando, en 2015, a débeda pública externa superou os US$ 73.000 millóns e o goberno do estado libre asociado, por primeira vez, incurriu nun impago.

Como resultado do temor das clases políticas co respecto de que o goberno portorriqueño tivera que enfrontar casos nos tribunais incoados polos acredores – moitos deles do mesmo Porto Rico, pero moitos tamén provenientes de “fondos voitres” de Wall Street- o entón gobernante Partido Popular Democrático (PPD), por medio do seu Gobernador Alejandro García Padilla, solicitou ante o Congreso unha lei que operara como unha especie de creba, para poñer orde aos pagos da débeda sen que isto causara un descalabro económico en Porto Rico.

Así, o Congreso aprobou a Lei Promesa, avaliada tamén polo entón Comisionado Residente da Illa en Washington, Pedro Pierluisi Urrutia, quen fora electo polo Partido Nuevo Progresista (PNP). É dicir, ámbolos dous partidos favoreceron a intervención da metrópole para conxurar a crise da débeda. Isto, a súa vez, tivo como consecuencia un agravamento da fraxilidade do goberno no denominado “estado libre asociado”.

O gran problema político comezou a intensificarse cando a Lei Promesa deixou en claro que a fiscalidade de Porto Rico non podería continuar sendo autónoma, como habíase xa convenido en 1952 ao crearse o “estado libre asociado”, senón que o Goberno de Porto Rico electo en 2016 carecería de autonomía fiscal, posto que a Lei Promesa proporcionou que unha Xunta de Supervisión Fiscal non electa polos portorriqueños —pagada polo Goberno de Porto Rico pero nomeada polo Presidente de EUA— tivera o control dos asuntos fiscais. En caso de controversias entre o goberno electo de Porto Rico e a Xunta de Supervisión Fiscal, a derradeira palabra a tería unha xuíza federal especial para eses asuntos: Laura Taylor Swain.

Deste xeito, o Gobernador electo en 2016, do Partido Nuevo Progresista, Ricardo Rosselló Nevares, non só tivo que gobernar supervisado pola Xunta nos asuntos fiscais, senón que a propia XUNTA interveu en asuntos importantes de política pública, posto que tales asuntos tiñan implicacións para o orzamento. Por exemplo, a Xunta ordenou reducir aínda mais as achegas gobernamentais á Universidade Pública e subir o custe das matrículas con gran prexuízo para os mozos

de escasos recursos que desexaran estudar.

A crise política evidenciada hoxe mais claramente coa participación masiva do Pobo en marchas e actividades que demandaron a renuncia do Gobernador Rosselló, comenzou a despuntar nas propias eleccións de 2016. Conscentes de que o arranxo de 1952 había colapsado, que o Tribunal Supremo de EUA había declarado no caso Sánchez Valle que Porto Rico seguía sendo un territorio colonial baixo os poderes plenos do Congreso e que a Lei Promesa do lexislativo federal impuxo unha Xunta de Supervisión Fiscal non electa, moitos electores optaron en 2016 pola abstención electoral. Aínda que a abstención viña xa en ascenso, como reacción do Pobo contra incidentes de corrupción gobernamental e incumprimento de promesas de campaña —tanto do PPD como do PNP— no ano 2016 ascendeu a niveis sen precedentes na historia recente de Porto Rico. Tanto como un 45% do electorado ausentouse das urnas.

Por tal razón, Ricardo Rosselló converteuse en gobernador pola regra do partido mais votado, pero con só un 42% do voto total. O candidato do PPD, David Bernier, obtivo menos dun 40% e, por primeira vez, unha candidata xoven independente, Alexandra Lúgaro, obtivo mais do 10% dos votos totais para o cargo de Gobernador. De feito, se se consideran os votos favorables a candidatos independentes para dito cargo, e sumamos o 11% de Lúgaro ao perto dun 6% de Manuel Cidre, vemos que en 2016 no só houbo unha abstención electoral histórica, senón que case un 20% dos que si votaron, fixéronno por candidatos independentes fora do bipartidismo tradicional PPD-PNP. Estes sucesos xa marcaban o comezo dunha crise de lexitimidade nas relacions con EUA, pero tamén no predominio da clase política tradicional. Habíaselle propinado un primeiro golpe forte ao bipartidismo.

Baixo tales condicións, Ricardo Rosselló Nevares asumiu a gobernación en xaneiro de 2017 e ese mesmo ano forzou a celebración dun plebiscito sobre o estatus político en que só participou o 22% dos electores inscritos. É certo que entre ese 22%, un 97% favoreceu a anexión de Porto Rico a EUA mediante a estatidade federada. Pero é tamén evidente que tódolos partidos opositores da estatidade foron tremendamente exitosos —por primeira vez na historia recente de Porto Rico— ao boicotear o plebiscito pro estatidade do Gobernador Rosselló. Non obstante, Rosselló e o PNP continuaron cabildeando a favor da estatidade en Washington, a pesares da indiferenza con que recibíronse os resultados tan pobres da consulta. Os gastos en cabildeo político eran moi custosos para un goberno de por si afectado polos seus niveis de débeda.

O pobo portorriqueño, en xeral, continuaba acumulando descontentos ante a forma de co-goberno establecida pola Xunta de Supervisión Fiscal e o Gobernador Rosselló. A Xunta, por exemplo, ameazaba con reducir as pensións dos xubilados e, aínda que Rosselló defendeu as pensións, deixou facer á Xunta cando esta entrou en acordos con certos sindicatos públicos para garantir a súa existencia, pero rebaixándoas. A isto lle seguiu que o Pobo percibía como moi inxusto que o Goberno de Ricardo Rosselló continuara gastando cantidades exorbitantes en contratacións a empresas privadas —especialmente empresas estadounidenses— a pesar da crise económica. E era bastante evidente que a Xunta mantiña a impunidade da clase política PPD-PNP ante os contratos de dubidosa necesidade que representaban gastos exagerados mentres, ao mesmo tempo, prexudicaba á universidade pública e ameazábanse as pensións dos xubilados.

O detonante da crise política agravada do verán de 2019

No campo da educación, o Goberno de Rosselló nomeou a unha estadounidense, Julia Keleher, como Secretaria de Educación. Executouse con ela un amplo plan de peche de escolas para enfrontar as baixas en matrícula resultantes da migración a EUA como consecuencia do paso do Furacán María. Sen embargo, esta estadounidense que gañaba unhas compensacións mensuais astronómicas, foi unha das funcionarias do Goberno de de Rosselló que, mais recentemente, foi arrestada polos axentes federais do FBI. Acusáronna a ela e a algúns dos seus axudantes por cargos de lavado de diñeiro e malversación de fondos federais. Xunto con Keleher, foi arrestada tamén Ángela Ávila, a funcionaria a cargo da Administración de Servizos de Saúde (ASES).

A corrupción na administración Rosselló facíase dese xeito demasiado evidente. Xunto co problema da corrupción, pronto ocorrería o incidente que “colmou a copa”, que desatou a impaciencia e o disgusto dos cidadáns, ao punto de que por 12 días consecutivos o Pobo estivo organizando marchas e actividades nas cales demandábase a renuncia do Gobernador Ricardo Rosselló. Algunhas das principais consignas eran de “ Ricky renuncia”, pero moitas outras dicían así: Ricky renuncia e lévate á Xunta. A protesta non só foi contra a administración corrupta e pouco ética de Rosselló, senón tamén contra as pretensións da Xunta de poñer en austeridade ao Pobo de Porto Puerto Rico, con tal de pagar a débeda aos acredores. A débeda nunca auditouse, a pesares do reclamo colectivo do Pobo de que se auditara, de modo que o Pobo non tivera que pagar partes da débeda que foran consideradas como ilegais.

O detonante que cambiou os ánimos dun pobo molesto pero confuso e aletargado, nun militante que usou a protesta pacífica e democrática para demandar a renuncia do Gobernador, foi un chat privado feito público, nunha especie de wikileaks boricua, polo Centro de Xornalismo Investigativo. Dito chat supoñíase que fora utilizado polo Gobernador para artellar a política pública cos seus principais axudantes e cos colaboradores do seu Gabinete. Pero nunhas primeiras 899 páxinas demostrouse que usábase moi frecuentemente polo Gobernador e o seu "equipo de traballo" para mofarse ou burlarse de políticos de oposición e ata do seu propio partido.

En efecto, nunha parte do chat, declaraban: "collemos de pendejos* ata aos nosos", referiéndose a líderes do PNP criticados por eles. Pero as imprudencias do chat non se limitaron ao chisme político. Nalgúns tramos do mesmo notábase que o gobernador e os seus funcionarios planificaban neutralizar opositores, perseguir funcionarios públicos e ata facer dano político a líderes de EUA ou a portorriqueños radicados alá. A Melissa Mark Viverito, concelleira de orixe boricua, quen presidira o Consello da Cidade de Nova York, o propio gobernador tildouna de "puta" e mandouna a "neutralizar". Partes do chat reflectían estilos tipo mafia política. Nalgunhas partes, os membros do chat mofábanse dos pobres de Porto Rico e ata dos mortos portorriqueños a causa do Furacán María. Isto resultaba demasiado forte ante os oídos dun Pueblo que, pouco antes, viu renunciar ao Secretario de Facenda do goberno de Rosselló e lle escoitou declarar publicamente que en Facenda operaba unha especie de "mafia política". Os propios ex colaboradores de Ricardo Rosselló renunciaban aos seus cargos e o denunciaban.

Logo de 12 días de protestas, Rosselló anunciou a súa renuncia, efectiva o pasado 2 de agosto ás 5:00 PM. Pouco tempo antes de renunciar, o Gobernador saínte asinou 59 leis aprobadas xa pola maioría PNP nas cámaras lexislativas. Causou asombro entre os xornalistas que un par desas leis regulamentaban a información gobernamental e, en lugar de prover maior transparencia, poníanlle trabas non existentes anteriormente á provisión de información pública polo Goberno. Non houbo tampouco unha transición gobernamental ordenada, senón unha marcada por acusacións de que violouse a Constitución portorriqueña.

É así que, pouco antes de renunciar, Ricardo Roselló nomeou a Pedro Pierluisi como Secretario de Estado. As cámaras estaban en receso, pero a Cámara reuniuse, entrevistouno e votou ao seu favor por maioría. Faltaba aínda a confirmación do Senado, xa que a Constitución de Porto Rico de 1952 estableceu que un Secretario de Estado, que é o primeiro da liña sucesoria do Gobernador se este renuncia ou se incapacita, debe ser confirmado por ámbolos dous corpos lexislativos.

Pierluisi, a minutos da renuncia de Rosselló, proclamouse Gobernador e xurou como tal nunha casa privada. Foi "xuramentado" por unha xuíza menor (non do Supremo). Foi impugnado nos tribunais e a súa acción tildouse como "golpe de estado" pola oposición, xa que apareceu como Gobernandor sen haber sido confirmado como Secretario de Estado polo Senado. Tomás Rivera Schatz, presidente de dito corpo, dixo publicamente que opoñíase ao nomeamento de Pierluisi Urrutia como Gobernador. Así as cousas, como o Senado finalmente decidiu pasar o asunto ao Tribunal Supremo, seré este tribunal, onde predominan xuíces nomeados por Gobernadores do PNP, quen decidirá o seu destino político.

Ao mesmo tempo, o regreso do país á tranquilidade con Pierluisi como Gobernador foi cuestionado por diversas marchas en oposición a Pierluisi ocorridas nestes días, tanto así que chámanno agora como "Pierlui-no" en vez de "Pierlui-si". Entre as protestas do Pobo e cun Senado que se lle opón, é moi difícil garantir a gobernabilidade de Porto Rico con Pierluisi Urrutia como Gobernador.

Unha "solución" polo momento

Xusto ao momento de escribir esta análise, o Tribunal Supremo de Porto Rico declarou como inconstitucional o xuramento de Pedro Pierluisi Urrutia como Gobernador. En liña sucesoria, tocaríalle ser Gobernadora á Secretaria de Xustiza, Wanda Vázquez, quen tamén foi criticada publicamente por actos impropios e por corrupción. Algúns especulan que Wanda Vázquez nomearía como Secretaria de Estado á actual comisionada residente en Washington do PNP, Jenniffer González, a cal sería finalmente a Gobernadora ata as eleccións de novembro de 2020. Isto, non obstante, obrigaría ao PNP a cubrir o cargo vacante de Comisionado Residente.

Pase o que pase finalmente, todo o clima político portorriqueño semella suxerir que as protestas masivas do Pobo continuarán e que a inestabilidade política neste territorio non incorporado de EUA haberán de seguir. Un problema importante relacionado coas protestas é que non xurdiu ningún novo liderado que lle dera dirección e organización ao movemento. Foi mais ben unha loita espontánea dun Pobo farto do mal goberno e da corrupción, pero sen un derroteiro claro futuro ata o momento en que escribimos. O vello sistema político bipartidista tambaléase, pero non despuntou aínda

un movemento político novo que dirixa realmente o descontento do Pobo e que substitúa o vello tradicionalismo político.

Ángel Israel Rivera Ortiz, é profesor xubilado do Departamento de Ciencia Política da Facultade de Ciencias Sociais da Universidade de Porto Rico, recinto de Río Piedras. Columnista en varios medios portorriqueños, é tamén autor de "Porto Rico ante os retos do século XXI" (2007)

Notas:* "Pendejo" é un termo pexorativo utilizado como insulto en varios países latinoamericanos hispanofalantes, e que pode traducirse dependendo do contexto como "parvo", "despreciábel", "covarde", "pusilánime" ou "sen vergoña". (Nota do editor)

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Latinoamérica

ETIQUETAS

crise Porto Rico

IDIOMA

Galego

INVESTIGACION

Relacións Internacionais

Date Created
Agosto 13, 2019
Meta Fields

Autoria :	3769
Datapublicacion :	2019-08-13 00:00:00
Subtitulo :	Unha análise de Ángel Israel Rivera Ortiz. Universidade de Porto Rico